

Resolución do 16 de febreiro de 2022 da Dirección Xeral de Centros e Recursos Humanos, pola que se aproba a relación provisional de persoas admitidas e excluídas e o baremo provisional no procedemento para a elaboración das listas de interinidades e substitucións para impartir docencia en diversas especialidades do corpo de profesores de ensino secundario (590) e do corpo de profesores técnicos de formación profesional (591) (código de procedemento ED003A)

Mediante Resolución do 2 de febreiro de 2022, da Dirección Xeral de Centros e Recursos Humanos, convocouse un procedemento para a elaboración das listas de interinidades e substitucións para impartir docencia en diversas especialidades do corpo de profesores de ensino secundario (590) e do corpo de profesores técnicos de formación profesional (591) (código de procedemento ED003A), entre outras, nas seguintes especialidades:

Código	Denominación especialidade
590107	Informática
590112	Organización e proxectos de fabricación mecánica
590123	Procesos e produtos en madeira e moble
591202	Equipos electrónicos
591206	Instalacións electrotécnicas
591227	Sistemas e aplicacións informáticas
591228	Soldadura

Logo de revisadas as solicitudes de participación, comprobado o cumprimento dos requisitos esixidos e da nota media alegada polas persoas aspirantes na convocatoria para a elaboración das listas de interinidades e substitucións para impartir docencia nas citadas especialidades, de acordo co disposto na base sétima da citada convocatoria procede aprobar a relación provisional de persoas admitidas e excluídas das listas de interinidades e substitucións e o baremo provisional e facelas públicas no portal da Internet desta consellería www.edu.xunta.gal.

En consecuencia, esta dirección xeral

RESOLVE:



Primeiro. Aprobar e facer pública no portal da Internet da Consellería de Cultura, Educación e Universidade www.edu.xunta.gal a relación provisional de persoas admitidas e excluídas e o baremo provisional das listas de interinidades e substitucións para impartir docencia nas especialidades de Informática (590107), Organización e proxectos de fabricación mecánica (590112) e de Procesos e produtos en madeira e moble (590123) do corpo de profesores de ensino secundario (590) e das especialidades de Equipos electrónicos (591202), Instalacións electrotécnicas (591206), de Sistemas e aplicacións informáticas (591227) e de Soldadura (591228) do corpo de profesores técnicos de formación profesional.

Segundo.- Aprobar e facer pública no portal da Internet da Consellería de Cultura, Educación e Universidade www.edu.xunta.gal, como Anexo I a esta resolución, a relación provisional de persoas admitidas xunto co baremo provisional das listas de interinidades e substitucións para impartir docencia nas especialidades de Informática (590107), de Equipos electrónicos (591202), Instalacións electrotécnicas (591206) e de Sistemas e aplicacións informáticas (591227) das persoas que xa figuran inscritas mediante convocatorias anteriores en virtude da disposición transitoria segunda do Acordo do 20 de xuño de 1995, polo que se regulan o acceso e as condicións de traballo do persoal docente interino e substituto dependente da Consellería de Cultura, Educación e Universidade da Xunta de Galicia, que imparte ensinanzas distintas das universitarias, relativa á exención do requisito de formación pedagóxica e didáctica de posgrao ou equivalente.

Terceiro.- De acordo co disposto na base sétima da convocatoria pola que se acordou a apertura do procedemento para a elaboración das listas de interinidades e substitucións, as persoas interesadas poderán formular reclamacións contra a relación provisional de persoas excluídas e o baremo provisional, que presentarán obrigatoriamente por medios electrónicos a través do modelo normalizado do procedemento ED003A, opción “Alegacións”, accedendo á carpeta do cidadán da persoa interesada dispoñible na sede electrónica da Xunta de Galicia (<https://sede.xunta.gal/detalle-procedemento?codtram=ED003A&ano=2020&numpub=1&lang=gl>) no prazo de tres (3) días hábiles contados a partir do seguinte ao da publicación da resolución no citado portal de Internet da consellería.



Non se admitirán as alegacións que non sexan presentadas a través do procedemento indicado no parágrafo anterior.

Cuarto.- Para o caso de que xurda a necesidade de cubrir interinidades ou substitucións con anterioridade á aprobación e publicación das listas definitivas, seguirase a orde de chamamentos establecida na lista provisional.

Quinto.- Rematada a situación extraordinaria derivada da pandemia xerada pola covid-19, que motivou a súa inclusión en virtude do establecido na citada disposición transitoria segunda, as persoas relacionadas no Anexo I serán reincorporadas na correspondente especialidade na orde de prelación derivada desta convocatoria, consonte ao establecido na súa base novena.

Asinado electronicamente en Santiago de Compostela

O director xeral de Centros e Recursos Humanos

Jesús Manuel Álvarez Bértolo

